

A encomenda de Betanzos da Orde do Temple

XOAN CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ¹

1. INTRODUCCIÓN

Os estudos, cun certo rigor, sobre a Orde do Temple na coroa de Castela non son moi abondosos, e, na maior parte das ocasións, cinguidos a árees territoriais concretas.²

Nos nosos artigos citados na nota 2 abordamos a chegada dos templarios á comarca das Mariñas. Esta produciuse probabelmente antes de mediar o século XII, por iniciativa de Fernando Pérez de Trava, quen, estando axuntado coa raiña Tareixa de Portugal, fai aos templarios daquel reino varias doacións, como Soure, xa en 1128; logo peregrina en dúas ocasións a Terra Santa, onde coidamos que seguiría a manter o contacto coa Orde, estando interesado, ao seu regreso, en que os monxes-cabaleiros se estableceran no Burgo de Faro, núcleo urbano e portuario no que fundarian a súa más importante sé, non só de Galiza, senón de toda a coroa de Castela: a bailía de Faro.³

En 1172 xa posuían casas en Palas de Rei, como o demostra unha escritura de venda, redactada no mosteiro de Sobrado, que está asinada, entre outras testemuñas, polo comendador Garsia Menendi;⁴ e, en 1181, aparece na documentación o chamado **Burgum Fari Templi**,⁵ o cal nos indica que, dacordo coas disposicións de Afonso VII, unha metade do couto do Burgo de Faro pertencia ós templarios e a outra á catedral de Santiago.

A partires da chegada ó Burgo de Faro e da fundación da bailía, a Orde do Temple mariñana comenzará a estender os seus dominios por boa parte das provincias da Coruña e Lugo, chegando a depender, da bailía de Faro, tres encomendas: unha delas, a de Betanzos.

¹ Licenciado en Xeografía e Historia. Realiza a tese de doutoramento sobre *A Orde do Temple nos reinos de Galiza e León*, baixo a dirección do catedrático de Historia Medieval da U.N.E.D. José Luis Martín Rodríguez.

² Por citar só os máis importantes, podemos salientar os seguintes: Gonzalo Martínez Díez, *Los Templarios en la Corona de Castilla*, Burgos, 1993; Carlos Estepa Díaz: «La disolución de la Orden del Temple en los reinos de Castilla y León», pp: 121-186, en Cuadernos de Historia, 6, Madrid, 1975, o «Las encomiendas del Temple en Tierra de Campos», pp: 701-710, en Anuario de Estudios Medievales, nº 11, Barcelona, 1981; Javier Castán Lanasa: *Arquitectura templaria castellano-leonesa*, Valladolid, 1983; ou o xa clásico de Pedro Rodríguez Campomanes, *Dissertaciones históricas del orden y caballería de los Templarios*, Madrid, 1747. Sobre o proceso son todavía imprescindíveis a obra de Fidel Fita, *Actas inéditas de siete concilios españoles celebrados desde el año 1282 hasta el de 1314*, Madrid, 1882 e o artigo de Áurea Javierre Mur, «Aportación al estudio del proceso contra el Temple en Castilla», pp: 47-100, en Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, vol. LXIX, Madrid, 1961.

No caso de Galiza, pódense consultar, sobre todo, os nosos traballos: «Burgo de Faro, os templarios e o Camiño de Santiago (I)», pp: 467-503, en Compostellanum, vol. XXXVIII, núms. 3-4, Santiago, 1993, e «A Orde do Temple en Cambre», pp: 28-42, en Esculca, nº 3, Cambre, 1994.

³ Carlos Pereira Martínez, «Burgo de Faro...», pág. 478.

⁴ Pilar Loscertales y García de Valdeavellano, *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols., Madrid, 1976, vol. II, doc. 113.

⁵ José Luis Martín Rodríguez, *Orígenes de la Orden Militar de Santiago*, Barcelona, 1974, doc. nº 128.

2. A ENCOMENDA DE BETANZOS.

2.1. Orixes da encomenda.

Como vimos de dicir, esta encomenda formouse porque un número importante (e impreciso⁶) de bens que os templarios posuiron nesta comarca precisaban dunha descentralización que axilizara a súa xestión, ainda que, iso sí, dependendo da bailía de Faro.

Consta que a encomenda de Betanzos estaba constituída en 1247. Nun documento procedente do mosteiro de monxes leónés de Carrizo, que trata dun pacto feito entre don Rodrigo Fernández Braoyo e o seu curmán, don Gonzalo Morán -home este moi importante no reino leónés nestes momentos - sobre a vila de Huerga de Freires (León), que posuían do Temple, aparecen, entre as testemuñas que confirmán o acordo, varios freires templarios, entre eles **fre Ffernan Miguelez, comendador de Betanzos.**⁷ Noutro documento do mesmo mosteiro, sen data, pero, polos persoeiros que nel se nomean, dos mesmos días que o anterior, volve a asinar o mesmo comendador.⁸ ¿Que fai este comendador en León? Polos membros da Orde que mencionan os textos -o Mestre, varios capeláns e freires, o comendador de Villapalmaz, etc.- coidamos que a súa presenza estaría relacionada coa celebración dalgún Cabido Xeral.

¿Cal é o interés da Orde do Temple en posuir unha encomenda en Betanzos? Como no caso da bailía de Faro, asentada no importante Burgo de Faro, Betanzos é un núcleo urbano que ademais ten un porto de mar. Non é agora o momento de facer un estudo de Betanzos nos séculos XII e XIII, pero os portos significan, en calquer época da historia, comercio, viaxeiros, peregrinos, artesáns; riqueza, en suma. Faro, Betanzos, Coia, significan o encontro dun Temple organizado, en bailías ou encomendas, co mundo urbano, co mundo desenvolvido. Pero non se conforma só coas encomendas. Procura espallar os seus dominios por todo o litoral (varias parroquias de Oleiros, Redondela, Malpica, Creciente, etc., serían outros exemplos) xa que nestes lugares, exista ou non comercio marítimo ou terrestre, tamén se pode conseguir peixe, tan importante na dieta medieval, na que os rigores da Coresma obrigan a consumir grandes cantidades; daí que moitos mosteiros cobren rendas en especie, **pixotas**, ou constrúan pesqueiras nos ríos.

O Burgo de Faro e Betanzos son, pois, os lugares de encontro da Orde do Temple co mundo urbano nas Mariñas (o mesmo acontece co mosteiro de Sobrado), cos lugares onde se xera máis riqueza, con puntos de grande importancia estratégica no terreo militar, ainda que, loxicamente, non se esquece tampouco o mundo agrario, que surte de alimentos ás adegas, celeiros e despensas da Orde.

2.2. Posesiōns da encomenda.

¿Que bens xestionaría esta encomenda betanceira? En primeiro lugar, tería a súa sé na vila de Betanzos, probabelmente no lugar onde posteriormente se edificaría o convento de San Francisco.⁹

O primeiro documento que localiza bens da Orde do Temple en terras betanceiras é do 23 de marzo de 1200. Nel, don Rodrigo Fernández, comendador da bailía de Faro, en representación do Mestre do Temple, vende ao mosteiro de Sobrado unhas herdades na parroquia de Santiago de Ois (Coirós), concretamente o casal de **Greadili**, por 260 soldos turonenses, ainda que se reserva certos

⁶ Non podemos saber, dado o escaso número de documentos procedentes da Orde do Temple que se conservan, saber con exactitude o verdadeiro alcance das posesiōns.

⁷ María Concepción Casado Lobato, *Colección diplomática del monasterio de Carrizo, I: (969-1260)*, León, 1983, doc. 245.

⁸ María Concepción Casado, op. cit., doc. 586.

⁹ Manuel Martínez Santiso, *Historia de Betanzos*, ed. fascimile, A Coruña, 1987, pág. 216. Este autor recolle a tradición oral, pero tamén se apoia en traballo anteriores, como unha historia manuscrita de Betanzos da autoría de Ramón García.

As crónicas franciscanas, que moitas veces relacionan os asentamentos da orde con antigas igrexas templarias, nada din ao respecto.

dereitos, xa que posuían máis terras naquel lugar.¹⁰ Entre os confirmantes figura un tal **frater Petrus de Curtis**, ao que veremos en máis ocasións.


O 20 de xuño de 1201 Pedro Rodríguez, e a súa muller Gunroda Peláez, venden a Urraca Vermuiz, **soror templi**, unhas herdades xunto a San Martiño de Bravio (Betanzos).¹¹

Poucos días despois, o 2 de xullo, as mesmas persoas fan un documento, ainda que, neste caso, a Urraca Vermuiz chámase **soror militie templi**, polo que se concerta outra venda, nun lugar xunto á heridade anterior, asimesmo en Bravio, entre os ríos **Midii et Mandeu**; neste documento figuran como confirmantes, por parte do Temple, don Rodrigo Fernández, comendador da bailía de Faro, e outros freires, entre eles un capelán, don Xoán, o primeiro que aparece na documentación galega que se conserva.¹² No dorso deste documento hai escrito un texto que dí: «De este pergamo se colige que hubo junto a las casas monasterio de monjas templarias». Pero de Urraca Vermuiz e deste posibel convento de monxas templarias falaremos máis adiante.

Tamén no ano 1201, o 8 de novembro, Menendus Fernandi e a súa irmá Urraca Muninz venden ao mosteiro de Sobrado unhas herdades xunto ó mosteiro de Aranga, figurando entre os confirmantes **frater Petrus de Curtis**, o que indica que naquelas paraxes tamén tiñan algúns bens os templarios.¹³

O 26 de xaneiro de 1206 Martinus Petri e os seus fillos venden a Sobrado unhas herdades en Santiago de Ois (Coirós), no **casal de Teixu**. Entre os confirmantes do documento figuran o comendador Froila Adefonsi -supoñemos que sería todavía o de Faro-, frei Xoán Martini e, outravolta, frei Pedro de Curtis.¹⁴ Comprobamos, por tanto, que os templarios seguían tendo propiedades nesta freguesía.

O 24 de setembro de 1237 celébrase un pacto entre o abade do mosteiro de Sobrado, don Henrique, co **magister** Munio e o crego Pedro Eanes, recibindo estes últimos, baixo certas condicións, a cuarta parte da igrexa de Santaia de Curtis, excepto **illa quarta quam dicunt templarii esse**



¹⁰ Pilar Loscertales, *Tumbos del monasterio de Sobrado...*, vol. I, doc. 215. Este documento témolo estudiado nun breve artigo, «Un documento dos templarios de Faro», no Boletín das Festas do Temple, Cambre, 1991.

¹¹ Arquivo Histórico Nacional (en adiante A.H.N.), OOMM, Templarios, carpeta 567, nº 1. Está citado, entre outros autores, por Vidal Fernández Palomares, *Los Templarios, los Sanjuanistas y la vieja toponimia*, Gasteiz, 1984, pág. 12; Javier Castán Lanasa, *Arquitectura...*, pág. 19 ou Gonzalo Martínez Díez, *Los templarios...*, pág. 71.

¹² A.H.N., OOMM, Templarios, carpeta 567, nº 2. Citado polos mesmos autores que na nota 10.

¹³ Loscertales, op. cit., I, doc. 223. Martínez Santiso, op. cit., pág. 216, tamén di que os templarios posuiron bens no concello de Aranga.

¹⁴ Loscertales, op. cit., I, doc. 229.

suam.¹⁵ Podemos comprender, á vista deste documento, no que tamén confirma **frater Petrus de Curtis**, entre outros freires, que a súa presenza en documentos que citamos anteriormente viña dada en función de representar á Orde, xa que persoas ou institucións que tiñan bens a carón dos mencionados en documentos debían ser citadas como testemuñas.

É de supoñer que terían outros bens en Curtis, aparte da cuarta parte da igrexa.

¿Era Betanzos encomenda independente nestas datas? Probabelmente. Se ben nos primeiros anos do século XIII os bens na comarca betanceira aparecen directamente xestionados polo comendador de Faro, o feito de aparecer documentada a encomenda de Betanzos en 1247 indica que o proceso de formación foi anterior, fundándose, posibelmente, na segunda década do século XIII.

En 1255, o 5 de xullo, Afonso X concede a don Martiño Núñez, Mestre do Temple nos tres reinos de España (Portugal, León e Castela), a martiniega real da terra de Alcañices e Aliste, a cambio do que os templarios posuían en Betanzos.¹⁶ Ao Temple conviñalle este troco, xa que nesas terras zamoranas posuía varias encomendas: Alcañices, co señorío da vila, importante paso fronteirizo con Portugal, ou Alba de Aliste; nos dous casos, con fortalezas.

Gonzalo Martínez pensa que a encomenda de Betanzos debeu desaparecer neste momento, dicindo que «no consta que después de estas fechas los templarios adquirieran otros bienes en esa ciudad gallega».¹⁷ Pero un documento datado en Valladolid o 17 de abril de 1272 dinos que dona María Méndez, viúva do infante don Martiño Alfonso, outorga unha serie de herdades, a cambio de certas retribucións, a Pedro Fernández, mercader de Betanzos: **do a vos Pedro Ferrández, marca dor en Betanzos, e a vosa voz o quanto que eo ey do agro da Beara así como a vos teedes valado, e eo Pedro Ferrández otorgo de vos fazer a vos dona María ou a quien vosa voz ouver tal fora d'esta herda como faço a os freyres do Tenpre da sua outra. [...] Outrossí vos dou [di dona María] o quarto do agro que ey ao paaó de Su Riba así como vay pe la agua de Ruxig?, así como o teen cerrado os freyres...**¹⁸ Por tanto, 17 anos despois do acordo con Afonso X todavía os templarios teñen bens aforados en Betanzos. Evidentemente, isto non indica que ainda subsistira a encomenda, pero tampouco se pode afirmar o contrario.

Si estamos dacordo con Gonzalo Martínez en que os bens templarios, en Santa María de Miño e Santo Tomé de Bemantes, deberon pertencer a esta encomenda, polo menos mentres esta durou, se é que desapareceu.¹⁹ ¿En que consistían estes bens? Afortunadamente conservamos o documento polo que Fernán Pérez de Andrade, o 7 de xullo de 1396, manda facer un inquérito no couto de Miño para coñecer cales foran as posesións que tiveran ali os templarios, coas que pensaba dotar ao mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.²⁰ Polo que dixeron as testemuñas, posuían os pazos de

¹⁵ Arquivo do Reino de Galiza (en adiante A.R.G.), Pergameos, nº 314; A.R.G., Libros de mosteiros, Sobrado, C-444: *Libro Tumbo de los privilegios, donaciones y foros del monasterio. Lugares del partido de Sobrado por sus feligresías*, fol. 864 r-v; A.R.G., Libros de mosteiros, Sobrado, C-64: *Tumbo roto de Sobrado. Tumbo de escrituras*, fol. 126 v.

¹⁶ O documento está publicado por A. Rodríguez Villa, «Documentos para la historia de Galicia», en Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, nº 22, Madrid, 187, páxs. 354-355 e núms. 23-24, Madrid, 1872, pág. 367-8. Citado por Javier Castán Lanasa, op. cit., pág. 27; Carlos Estepa, «La disolución.», pág. 157; Gonzalo Martínez, op. cit., pág. 102; Cesáreo Fernández Duro, *Colección bibliográfica-biográfica de noticias referentes a la provincia de Zamora*, Madrid, 1891, pág. 52; A. Ballesteros Beretta, *Alfonso X el Sabio*, Madrid, 1956, páxs. 1071, 1083 e apéndices 237 e 489, e *Itinerario de Alfonso el Sabio*, Madrid, 1935, pág. 190.

¹⁷ Op. cit., ibidem.

¹⁸ Marta Echániz Sans, *El monasterio femenino de Sancti Spiritus de Salamanca. Colección diplomática (1268-1400)*, Salamanca, 1993. doc. 24.

¹⁹ Poderíamos dicir de Betanzos o mesmo que doutras encomendas, como a de San Sadurniño, que non aparece citada como tal en 1310, ano no que se celebra o concilio salmantino para tratar o asunto das acusacións contra os templarios, e, sen embargo, aparece como tal en 1312.

²⁰ A.R.G., Fondo Vaamonde Lores, Montefaro, 4(6), 6-5. O propio Vaamonde Lores transcribiu un fragmento pequeno do documento, publicándoo na súa obra *Ferrol y Puente de Ume. Escrituras referentes á propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioiro y Noguerosa*, A Coruña, 1909, páxs. 83-85. José Raímundo

Miño e ducias de herdades: leiras, agros, soutos, viñas, etc., ademais da igrexa, antecesora da actual.²¹ No caso de Santo Tomé de Bemantes, faise tamén un inquérito,²² mencionándose como en Miño, numerosas herdades templarias. Podemos dicir, xa que logo, que posuían, nos coutos de Miño e Bemantes, sometidos á súa xurisdición, a maior parte das terras.

Interesa saber que en Miño existía, na Idade Media, un porto de mar, que, se ben non tiña a importancia do de Betanzos, xa que todo semella indicar que a ocupación preferente era a pesca de baixura e non o comercio, amosa a querencia do Temple, como xa dixemos, por se asentar en lugares extratérreos no que respecta ás redes viarias e a portos de mar.

Perto de Sobrado, en Codesoso e varios lugares máis (Vilarinho, Torante, Bidueiros, Roade, etc.) os templarios eran propietarios de diversos bens.²³ Pero na documentación, na que se menciona mesmo polo seu nome a algún comendador, chámases los templarios **freires de Codesoso**; por tanto, non podemos precisar se dependían da encomenda de Betanzos, se estaban sometidos directamente á bailía de Faro ou se mesmo tiñan ali unha encomenda independente, non mencionada na documentación que se conserva referida ó proceso. Pero, da mesma maneira que tampouco se citan outras, das que temos constancia que existiron, calquera das tres posibilidades que acabamos de mencionar podería terse dado.

Ata aquí chega a información suministrada polas fontes documentais. Pero, como sucede no caso do Temple especialmente, temos en ocasións que botar man, dada a parca documentación conservada, da tradición oral, que ten sido recollida por moitos investigadores, ainda que, claro está, con certa prevención: non é inusual que a atribución dunha igrexa ó Temple, por exemplo, se vexa logo desmentida polos documentos.

Sobre outras propiedades que puideran pertencer á encomenda de Betanzos, unha antiga tradición, recollida no *Diccionario Madoz*, di que a igrexa de San Pedro de Porzomillos, no concello de



Igrexa de San Francisco de Betanzos, edificada probablemente sobre solar templario

Núñez Lendoiro, *Miño, apuntes históricos y guía del Municipio*, Betanzos, 1990, páxs. 9-10 tamén se fai eco das propiedades templarias en Miño, seguindo o traballo de Vaamonde.

²¹ Antonio Couceiro Freijomil, *Historia de Puentedeume*, 3^a ed., Pontedeume, 1981, páxs. 42-43; M. Sánchez García, *El Señorío de Villalba*, A Coruña, 1985, pax. 63; J. S. Crespo Pozo, *Blasones y linajes de Galicia*, vol. II, A Coruña, 1962, pax. 76; Ángel del Castillo, *Inventario artístico y monumental de Galicia*, 2^a ed., A Coruña, 1987, pax. 327.

²² A.R.G., Fondo Vaamonde Lores, Montefaro, 4(6), 6-6.

²³ Loscertales, op. cit., I, doc. 262; I, doc. 435 e I, doc. 475.

Oza dos Ríos, pertenceu ós templarios,²⁴ mentres que outros autores cren que tal aseveración carece de fundamento.²⁵ Pola nosa banda, tamén coidamos que non debeu ser deles, xa que un documento do ano 1186, no que se trata dun acordo entre a mitra compostelá e o mosteiro de Cins sobre certos dereitos de igrexas, Santiago deixa momentaneamente en prenda, entre outras, a de Porzomillos, que lle pertencia.²⁶

O mesmo que con Porzomillos acontece con Santa María de Lesa, no concello de Coirós (no que, como vimos, os templarios posuiron diversas propiedades), á que a tradición relaciona co Temple, cousa, a xuízo de Ángel de Castillo, errada.²⁷

Na parroquia de Santa María de Regueira, no concello de Oza dos Ríos, pervivía a tradición, no século XIX, de que houbera unha ermida que fora convento do Temple.²⁸

Tense falado moito, asimesmo, da filiación templaria da fermosa igrexa de San Miguel de Breamo, cun aspecto fortificado que fai que a tradición a teña relacionado igualmente coa Orde.²⁹ Certo é que, dende 1236, aparece vencellada aos coengos regulares de Santo Agostiño, pero ten unha inscrición que indica que foi construída, ou refeita, en 1187, data de grande simbolismo na Orde do Temple, xa que neste ano Salah al-Din, logo de aniquilar ás hostes templarias e hospitalarias en Saffuriya, ao norte de Nazaret, salvándose só o Mestre do Temple, Gerard de Ridefort e, pouco despois, volver a colleitar unha grande vitoria nos **cornos de Hattina**, na que os templarios e hospitalarios prisioneiros son degolados, agás o Mestre, que pacta do sultán salva-la súa vida a cambio do castelo de Gaza, conquista deseguido Xerusalén, perda esta que impactou fondamente na cristiandade, tanto oriental como occidental.³⁰ As crónicas cristianas sempre acusarán aos templarios, por culpa da ineptitude, arrogancia en ocasións e cobardía noutras, deste Mestre, da perda de Xerusalén.

Volvendo ao fio do tema... ¿Foi a igrexa de Breamo, cunha advocación tamén de simbolismo militar, primeiro templaria e logo dos coengos regulares? No momento actual, non se sabe.

Martínez Santiso coida que os templarios tiveron un convento en Santiso de Ambroa, no concello de Irixoa.³¹

O que si carece de fundamento é que o mosteiro de Bergondo foi primeiro templario, como afirma Murguía, poñéndoo en boca do pai Yepes.³²

²⁴ *Diccionario Madoz*, ed. fascimile, Madrid, 1986, vol. IV, pág. 1064.

²⁵ Ángel del Castillo, «Iglesias Gallegas. Porzomillos», en Boletín da Real Academia Galega, nº 26, A Coruña, 1909, pág. 42, menciona o dato, ainda que desconfiando da atribución, o mesmo que Uxío Carré Aldao, *Geografía de Galicia. Provincia de La Coruña*, sen ano, pág. 898. Noutras obras, como AAVV, *Arquitectura románica de La Coruña: Faro, Mariñas, Eume*, Vigo, 1983, pág. 68, ou Clara López, «Ayuntamientos. Oza dos Ríos», en *La Voz de Galicia*, 28-11-1992, suplemento «Galicia», pág. 7, tamén os autores amósanse escépticos.

²⁶ A.R.G., Fondo Vaamonde Lores, 5(3), nº 3. Pero non sabemos se en datas posteriores pudo facerse con ela a Orde templaria.

²⁷ Ángel del Castillo, art. cit., ibidem.

²⁸ *Diccionario Madoz*, V, pág. 1123.

²⁹ O primeiro autor que recolle esta tradición é José Montero Aróstegui: «Ríos de Galicia (continuación)», en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, vol. III, nº 34, Madrid, 8-12-1881. Outros autores que a citan son Manuel Martínez Santiso, op. cit., pág. 216; Antonio Couceiro Freijomil, op. cit., pág. 45; Gumersindo Placer, *Crónicas de mi rincón natal*, A Coruña, 1977, pág. 40; Bernardo Regal et alii, *Galicia*, Madrid, 1989, pág. 270.

³⁰ Todas as historias do Temple refiren estes feitos. Por citar só as últimas en sair do prelo, poden consultarse: John J. Robinson, *Mazmorra, hogueras y espada. Los templarios en las cruzadas, su increíble historia, su trágico fin*, Barcelona, 1994, páxs. 168 ss; Régine Pernoud, *Les templiers, chevaliers du Christ*, Evreux, 1995, páxs. 40, 52-44; Malcom Barber, *The New Knighthood. A History of the Order of the Temple*, Cambridge, 1995, passim. Para coñécese-lo punto de vista musulmán destos feitos, véxase: Amin Maalouf, *Las cruzadas vistas por los árabes*, Madrid, 1996, páxs. 269 ss.

³¹ Op. cit., pág. 216.

³² Manuel Murguía, *Galicia*, ed. fascimile, Vigo, 1982, vol. 2, pág. 1153. Pero o fraude bieito nada di desto na súa *Crónica General de la Orden de San Benito*, 3 vols., ed. fascimile, Madrid, 1960, vol. II, pág. 68.



Igrexa de Santa María do Temple (Cambre), onde estaba radicada a bailía de Faro.

2.3. Comendadores e freires.

Só coñecemos o nome dun comendador, frei Fernán Miguélez, en 1247, como xa vimos. Os outros templarios que temos mencionado pertencían á bailía de Faro, áinda que logo os bens documentados, nos que eles aparecen como confirmantes, puideran pertencer á encomenda betanceira.

2.4. ¿Un convento de monxas templarias?

Vimos más enriba como, no ano 1201, se fan dúas vendas en Bravio a unha dona, Urraca Vermuiz, á que denominan **soror templi**, ou **soror militie templi**. ¿Quen é esta Urraca Vermuiz? Gonzalo Martínez afirma que é a filla de Bermudo Pérez de Trava e de dona Tareixa, filla da raíña de Portugal do mesmo nome,³³ pero trabúcase, xa que a súa nai chamábase tamén Urraca. Urraca Bermúdez, á que os documentos do mosteiro de Sobrado califican como **devota**, foi unha das persoas que entregou o mosteiro de Sobrado, xunto co seu pai, Bermudo Pérez de Trava, o seu tío Fernando Pérez de Trava, e varios familiares máis, aos cistercienses, en febreiro de 1142.³⁴ Tamén recibira, no reparto testamentario do seu pai, no que é calificada asimesmo como **devota**, o mosteiro de Xanrozo e todo o que tiña este mosteiro dende a ponte das Cascas á ponte de Untia.³⁵

Dado que nos documentos confirma co consello e autoridade do seu pai, é de supoñer que sería unha nena nestes anos, polo que, cronolóxicamente, podería ser a **soror templi** citada. De feito cedeu ao mosteiro de Sobrado, en novembro de 1196, a herdade que tiña en **Ripa**, perto de **Untia**, o primitivo núcleo de Betanzos,³⁶ co que podería estar perfectamente viva en 1201.

Sabemos que estivo casada con don Fernando Arias, do que tivo cinco fillos: Xoan, Exidio, Rodrigo, María e Sancha.³⁷

³³ Op. cit... pág. 72.

³⁴ Loscertales, op. cit., II, doc. 11.

³⁵ Loscertales, op. cit., II, doc. 10.

³⁶ Loscertales, op. cit., I, doc. 238.

³⁷ María del Carmen Pallares Ménendez, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia medieval*, A Coruña, 1979, inserta, entre as páxinas 222 e 223 unha xenealoxía da familia Trava, na cal, aparecen estos datos.

¿Foi Urraca Bermúdez unha monxa templaria? A diferencia doutras Ordes Militares, como a de San Xoan ou a de Santiago, que tiñan rama feminina, non consta que os templarios contemplasen esa posibilidade. E os casos nos que se menciona a unha muller como **irmá** son escasísimos, dándose só en Portugal e en Galiza. ¿Significa esto que neste recuncho occidental de Europa criaron unha púa feminina? Coidamos que non. O máis verosímil é que Urraca fora membro dunha confraría templaria, irmá, **soror**, por tanto, da Orde. Esta relación viría dada pola xa anterga relación da súa familia cos templarios, o mesmo que cos cistercienses.³⁸

2.5. O proceso e o destino dos bens da encomenda.

En 1308 iniciase en França un proceso xudicial, no que se acusa aos templarios de diversos comportamentos heréticos, polo que son detidos e encarcerados. As torturas ás que son sometidos fan que algúns, entre eles o grande mestre, Jacques de Molay, non podendo soportar os tormentos, confesen a súa culpabilidade. O papa Clemente V, presionado polo monarca francés, estende as investigacións aos outros reinos europeos, poñendo os bens templarios, temporalmente, en mans dos respectivos monarcas. Na coroa de Castela os templarios son convocados, en 1310, a asistir a uns autos previos en Medina del Campo, onde son interrogados, declarándose inocentes das acusacións que lles fan. Neste mesmo ano celébrase un concilio en Salamanca, acudindo tamén a testemuñar, sendo declarados inocentes de toda culpa, regresando ás súas encomendas. Pero, outravolta, as presións do rei francés, Felipe o Fermo, que actuaba movido por escuros intereses, xa que tiña o tesouro da coroa francesa empeñado cos templarios, comeza a queimar templarios, apoiado por un alto clero vencellado familiarmente con el, nalgúns casos. Clemente V, temeroso da súa vida, déixase levar e convoca en 1312 un concilio na cidade francesa de Vienne, ao que asiste maioritariamente a clerecía francesa, e suspende a **divinis** á Orde templaria.

Os bens da encomenda de Betanzos, se todavía existía en 1312, seguiron o mesmo camiño que os da bailía de Faro. Pasan nun primeiro momento ás mans de Fernando IV, que xa repartira anteriormente algúns dos castelos da Orde. Ainda que Clemente V asigna os bens templarios á Orde do Hospital, na coroa de Castela prodúcese un tira e afloxa entre os monarcas e os hospitalarios, que só recollerán unhas farangullas. Permanecen, pois, en mans realengas os bens templarios en Galiza, ata que Afonso XI lle entrega a Pedro Fernández de Castro os bens que a Orde tivera en Galiza e León,³⁹ ainda que a documentación posterior demostra que houbo un constante goteo de doacións. Outro Castro, Fernando, déixalle á súa muller, a mediados do século XIV, diversos territorios, entre eles a **terra de Mino**.⁴⁰ Só no último tercio do século XIV comenzarán os Andrades a facerse coa posesión de moitos dos bens templarios, e non xa en 1312, como afirmou Murguía, ao que seguiron tódolos investigadores posteriores.

*Batalla de Bocquée
(1163), ganada
polos templarios.
Fresco da igrexa
francesa de
Cressac.*



³⁸ Castán Lanappa, op. cit., páx. 19, plantea, sobre este caso, varias hipóteses: que fora membra da Orde; que estivera casada cun templario (loxicamente non freire, xa que, como monxes profesos, tiñan que fazer os votos monásticos, pero é sabido que admitían a homes casados que servían temporalmente na Orde, a cambio da cesión dalgúns bens; ou que fose un título honorífico dado a persoas «especialmente benefactoras para la Orden». Ao noso xuizo, como dixemos, é esta última hipótese, xunto coa de ser cofrade da Orde, a que nos parece máis correcta.

³⁹ Arquivo da Catedral de Santiago, Tenencias do Cabido, fol. 181.

⁴⁰ Biblioteca Nacional, mss. 19418, fol. 277 v.